



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VAL DO DUBRA

*Convocatoria e bases de selección de peóns do Plan provincial PEL Reactiva Concellos 2021*

#### **Convocatoria e bases de selección de peóns do Plan Provincial Pel Reactiva Concellos 2021**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2021, procédese á aprobación das bases e por Resolución da Alcaldía do 26 de marzo de 2021 apróbase a convocatoria do proceso de selección de cinco peóns do Programa de Diputación Provincial Pel-Concellos Reactiva 2021, de conformidade coas bases que se indican.

O prazo de presentación de instancias é de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**«BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL - A XORNADA COMPLETA DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.**

#### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal laboral temporal para a execución da obra/servizo “PEL-CONCELLOS REACTIVA ano 2021”, seguindo o establecido nas Bases do Programa de Integración Laboral aprobadas pola Deputación Provincial de A Coruña e publicadas no BOP número 220, de data 23 de decembro de 2020, e que se concreta na contratación laboral temporal, a xornada completa, de 4 peóns de obras públicas, 1 peón multitarefa.

Os traballos a realizar serán os relacionados na memoria presentada á Deputación Provincial e consistirán en tarefas auxiliares de construción, mantemento e reparación de obras, limpeza viaria, limpeza de acceso a núcleos de poboación, de xardíns, de núcleos rurais, de maleza, cunetas...etc.

#### **2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.**

Contrato temporal de duración determinada por obra ou servizo a xornada completa (40 horas semanais), regulado polo vixente art. 15 do Estatuto dos Traballadores (R.D.L.2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores) e normativa de desenvolvemento, que se estenderá como máximo durante SETE MESES.

Iniciarase coa maior brevidade en canto se remate o proceso de selección de persoal. O contrato rematará, como máximo, o **31/12/2021**, agás que non se rematara o seu obxecto e a Deputación Provincial concédese unha prórroga para executar a subvención que o financia.

A duración destes contratos quedará vinculada ao seu financiamento, de tal xeito que, a súa celebración, vixencia e duración, dependerá da subvención que o financia.

En ningún caso poderán os/as mesmos/as traballadores/as estar contratados, mediante dous ou máis contratos temporais, para o mesmo ou diferente posto de traballo, durante un prazo superior a 24 meses, nun período de 30, polo que, cando se prevea que coa nova contratación se van superar estes límites, se pasará ao seguinte candidato da lista, e así mentres resulte a afectación por estas limitacións.

As vacacións e horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaránse ás necesidades do servizo.

Número de traballadores: 5.

Categoría profesional: Peón

As retribucións a percibir desglósanse do xeito seguinte:

Salario base mensual: 950,00€.

Rateo paga extra:158,33€.

Total mes: 1108,33€

### 3. PUBLICIDADE.

A publicidade da convocatoria farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, así como na web municipal [www.valdodubra.gal](http://www.valdodubra.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello de Val do Dubra. Todos os anuncios sucesivos faranse na páxina web citada e no taboleiro de anuncios do Concello de Val do Dubra.

### 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Informe médico actualizado Obrigatorio presentalo 2 días hábiles antes da súa contratación no caso de ser seleccionado.

Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso da idade máxima de xubilación forzosa, coas particularidades que se establecen nas base seguinte.

Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. (declaración responsable asinada coa solicitude de acordo co Anexo II das presentes bases).

Xustificación de estar en situación de desemprego. (Autorización asinada para a súa consulta de acordo co Anexo III das presentes bases).

Permiso de conducir tipo B, só para as persoas candidatas do posto de peón multitarefa.

De conformidade co previsto na Base 2.1 do Programa de Integración Laboral aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, os destinatarios e posibles aspirantes deberán estar incluídos nalgunha das situacións de exclusión laboral seguintes:

- a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b. Maiores de 45 anos.
- c. Persoas desempregadas de longa duración. (Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de 2 anos coma demandantes de emprego). Acreditarase mediante a autorización asinada para a devandita consulta de acordo co Anexo III destas bases.
- d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos Concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e. Persoas en situación de drogodependencia.
- f. Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- g. Persoas en fogar monoparental/monomarental.
- h. Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i. Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j. Persoas sen fogar.

Posuír a titulación esixida:

*Peóns de obras públicas e peón multitarefa:* **Certificado de escolaridade ou equivalente.** No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.

Todas as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, na data de inicio do proceso selectivo, circunstancia que se deberá acreditar no momento da solicitude e antes da súa contratación laboral.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

### 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo que se prevé no **anexo I**, no Rexistro de Entrada do Concello de Val do Dubra, na Sede electrónica do Concello ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Ad-

ministrativo Común das Administracións Públicas (neste caso as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico; [alcaldia@valdodubra.gal](mailto:alcaldia@valdodubra.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias: Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude).

O prazo de presentación de instancias será de **10 días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e rematará as 14:00h do último día para a presentación das correspondentes solicitudes.

Á instancia unirase, **inescusablemente** a documentación orixinal ou fotocopia cotexada, acreditativa da situación de exclusión:

1) DNI.

2)

- Mulleres e persoas maiores de 45 anos.- Adxuntar DNI
- Persoas desempregadas de longa duración.- Adxuntar autorización para a súa consulta.
- Persoas con discapacidade. – Adxuntar certificado de discapacidade, expedida polo órgano competente.
- Persoas desfavorecidas que estean en algunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais;- Adxuntar un Informe dos servizos sociais municipais.

3) Documentación acreditativa orixinal ou fotocopiada dos cursos de formación que se acheguen para a súa valoración.

4) Documentación acreditativa para valorar a experiencia profesional.( de acordo co establecido na base 6 apartado B)

5) Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria, sinalados no apartado anterior ( conforme ao Anexo II das presentes bases)

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN.

### FASE DE CONCURSO (Máx. 6 puntos)

Consistirá na valoración dos méritos alegados segundo o seguinte baremo:

#### A.- FORMACIÓN. (Máximo 1 punto)

Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas e por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo: Cursos de construción, xardinería, limpeza pública, prevención de riscos, pintura...etc. realizados por calquera organismo oficialmente homologado:

- a) De 21 ata 50 horas: 0,20 puntos.
- b) De 51 ata 100 horas: 0,40 puntos.
- c) De 101 a 300 horas: 0,60 puntos.
- d) De 301 horas en diante: 1 punto.

Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 20 horas descartaranse da puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado de formación é de 1 punto.

O Tribunal resérvase o dereito de admisión dos cursos relacionados cos postos a desenvolver.

O Tribunal non poderá estimar o non alegado nin probado polos aspirantes. Non serán valorados seminarios, xornadas, encontros, ponencias ou análogos nin os documentos expedidos por academias privadas.

#### B.-EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 3 puntos)

- Pola experiencia profesional ao posto ó que se presente, valorarase ata un máximo de 3 puntos, a razón de 0.10 puntos por períodos de 30 días completos (8h/día).

Para a súa acreditación deberá xustificarse:

-Traballo por conta allea: Contratos de traballo e vida laboral, ou certificados de empresa sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.

-Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima da obrigación de cotizar.

Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

C.- ENTREVISTA PERSOAL (Máximo 2 puntos)

Valorarase a adecuación ao posto de traballo.

**FASE OPOSICIÓN.(Máx. 9 puntos)**

Consistirá en contestar por escrito 20 preguntas tipo test nun tempo máximo de 30 minutos propostas polo Tribunal referentes ao contido que se especifica a continuación para cada posto dos ofertados.

Valorarase cada pregunta acertada con 0,45 puntos (máxima puntuación 9 puntos).

Os candidatos que se presenten a varios procesos, realizaran os exames correspondentes ós procesos presentados, dispoñendo de 30 minutos para a realización de cada proba.

**PARA O POSTO DE PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS.**–Consistirá en contestar por escrito 20 preguntas tipo test, con 3 respostas alternativas, propostas polo órgano de selección referentes ao coñecemento do Concello de Val do Dubra:

O seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais (ferramentas, corta céspede, desbrozadora ...); Normas de seguridade e saúde laboral (Prevenção de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios do Servizo de obras públicas. Organización do servizo de obras públicas. Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Tratamento dos residuos sólidos urbanos. Reciclado. Xestión dos residuos sólidos urbanos. Recollida. Tratamento.

**PARA O POSTO DE PEÓN MULTITAREFA.**–Consistirá en contestar por escrito 20 preguntas tipo test, con 3 respostas alternativas, propostas polo órgano de selección referentes ao coñecemento do Concello de Val do Dubra.

O seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais (ferramentas, corta céspede, desbrozadora ...); Normas de seguridade e saúde laboral (Prevenção de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios do Servizo de obras públicas. Organización do servizo de obras públicas. Nocións xerais sobre a retirada de residuos.

Tratamento dos residuos sólidos urbanos. Reciclado. Xestión dos residuos sólidos urbanos. Recollida. Tratamento. Código de circulación. Mantemento sistemático e reparacións elementais dun vehículo. Avarías, síntomas. Reparacións de emerxencias.

**7. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.**

O Tribunal cualificador estará formado por cinco membros; un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser Funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior a requerida para o acceso ás prazas.

O Tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares.

De tódalas reunións que faga o Tribunal, o secretario redactará acta.

Para a válida actuación do Tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros. O Tribunal está facultado para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.

Os membros do tribunal, poderán acudir á incorporación dos asesores ou especialistas que estimen oportuno para un mellor desenvolvemento das fases de concurso e da fase de oposición.

**8.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES**

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, indicaranse nome e apelidos e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causa da exclusión, concedendo un prazo de dous hábiles para a corrección da documentación precisa para participar no proceso. No caso de que non existan persoas excluídas a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación e neste caso na mesma resolución fixarase data, hora e lugar para a realización da proba escrita.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e fixando data, hora e lugar para a realización da proba escrita. Esta resolución publicárase na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

O Tribunal, unha vez realizada as probas publicará os resultados provisionais, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, establecéndose na devandita publicación un prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación, para interpor calquera recurso ou reclamación antes de proceder a publicar os resultados definitivos, no

taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, dos 2 procesos selectivos.(Peón de obras públicas e peón multitarefa) pola orde decrecente de puntuación obtida por cada un deles, seleccionando os aspirantes que alcancen maior puntuación.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego;
- 2º. Maior antigüidade en situación de desemprego
- 3º. A maior puntuación obtida na proba teórica da fase de oposición.

Os candidatos propostos para súa contratación serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso e a fase de oposición tendo en conta que non se poderán propor para a contratación maior número de persoas que o número de prazas ofertadas.

Non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo Tribunal presente, no prazo de dous días hábiles dende a publicación na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do concello a acta definitiva do Tribunal, a seguinte documentación:

- Xustificación documental dos requisitos sinalados nos apartados b), da base cuarta, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do Tribunal, tendo en conta o prazo máximo da contratación que será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

#### **9. LISTA DE RESERVA**

Os/as candidatos/as que non obtiveron praza quedarán nunha listaxe de reserva, ordenadas de maior a menor puntuación.

Esta lista de agarda servirá para substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia deste Programa de Integración Laboral, anualidade 2021.

#### **10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados. Mentres non se formalicen os contratos, os aspirantes propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha.

#### **11. INTERPRETACIÓN.**

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas e en todo o referente á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

#### **12.- NORMAS FINAIS:**

Para todo o non previsto nestas bases ou no que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no RDL do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de administración local de Galicia, na Lei de medidas para reforma da función pública, no texto refundido da Lei de función pública de Galicia, no Real decreto 896/1991 sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real decreto 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da administración do estado, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Mediante a participación no referido proceso, os/as titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos/as, a calificación de probas e avaliación dos/as candidatos/as, así como a provisión de postos e confección da lista de reserva.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios e páxina web deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

**PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ANUALIDADE 2021.****ANEXO I; MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE**

DNI: \_\_\_\_\_

NOME e APELIDOS: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

- Peón de obras públicas  
 Peón multitarefa.

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Val do Dubra.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

DNI.

Permiso de conducir.

- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación aportada polo aspirante, así como dos cursos relacionados coas función propias do traballo a desenvolver.  
 Xustificación de estar en situación de desemprego (autorización para a súa consulta)  
 Xustificación da condición de destinatario da Base 5.  
 Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria.

En Val do Dubra, ..... de ..... de 2021.

(SINATURA).

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Val do Dubra relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

**ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA.**

Eu, D. \_\_\_\_\_ con DNI; \_\_\_\_\_

**DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Que reúne cos requisitos desta convocatoria e que son os sinalados na base 4 das bases que rexen a presente convocatoria.

En VAL DO DUBRA, ..... de \_\_\_\_\_ de 2021.

(SINATURA).

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Val do Dubra relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

**ANEXO III: AUTORIZACION**

Eu. D. \_\_\_\_\_ con DNI; \_\_\_\_\_

AUTORIZO, Ó SERVIZO LOCAL DE EMPREGO DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA, PARA QUE COMPROBE OS DATOS DA MIÑA DEMANDA DE EMPREGO NO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO GALICIA.

En Val do Dubra, ..... de \_\_\_\_\_ de 2021.

(SIGNATURA).

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Val do Dubra relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

Val do Dubra, 25 de marzo de 2021

O alcalde

José Manuel Varela Ferreiro

2021/2503